



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 21 de agosto de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de no Asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIO ACCIDENTAL

DON JOSE MIGUEL CAAMAÑO ROMERO

INTERVENTORA ACCIDENTAL

DONA M^a ROSA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 21 de agosto de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07/08/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3746

Dáse conta da resolución do INEGA do 1 de agosto de 2017, concedendo ó Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 2.942,72€, para Instalación de Estufa de aire biomasa na Casa da Cultura de Fontecarmoa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3747

Dáse conta da resolución do INEGA do 1 de agosto de 2017, concedendo ó Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 2.942,72€, para Instalación de Estufa de aire biomasa na Casa da Cultura de Galáns. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3748

Dáse conta da resolución do INEGA do 1 de agosto de 2017, concedendo ó Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 2.671,68€, para Instalación de Estufa de aire biomasa na Casa da Cultura de Faxilde. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2017/3749

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de **AREVA**, solicitando autorización para instalar unha carpa e unha mesa con seis cadeiras na Praza de Galicia o día 19 de agosto de 2017 para informar sobre a enfermidade alcohólica. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3750

Visto o escrito da **Asociación Cultural Curtas Film Fest** solicitando autorización para celebrar o 45 Certame Internacional de Cine do 23 ao 29 de outubro de 2017 na Sala Rivas Briones e na Praza da Peixería. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da Sala Rivas Briones debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal.

E conceder en precario o uso da praza da Peixería condicionada a que non se estén realizando as obras previstas na mesma.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3751

Dáse conta da Orde do 21 de xullo de 2017 pola que es establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos Concellos Galegos destinados á mellora de accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3752

Vista a comunicación da Deputación Provincial de apertura de prazo para a presentación de candidaturas á convocatoria 2017 do programa LIFE+2014-2020 da Comisión Europea, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a participación no proxecto PREVERADON a presentar pola Deputación de Pontevedra á convocatoria LIFE+ 2017, cofinanzada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Feder.



PRP2017/3754

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Toldos Gómez** para aprobar o gasto da compra de carpas, por un importe de 9.062,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3755

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Producciones Segurana, S.L.** para o subministro de barandilla que se coloca nos palcos(obrigatoria en escenarios superiores a 1 metro de alto), por un importe de 2.302,27€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3793

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladores e as das axudas autonómicas previstas para este programa. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria-Programa para a prórroga do Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas para a **ARI Núcleo de Carril**.

Así mesmo acórdase aprobar a tramitación de dita Memoria-Programa e o compromiso do Concello de actuar como ente xestor das actuacións no Programa de rexeneración e renovacións urbanas.

PRP2017/3794

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladores e as das axudas autonómicas previstas para este programa. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria-Programa para a prórroga do Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas para a **ARI Núcleo de Vilaxoán**.

Así mesmo acórdase aprobar a tramitación de dita Memoria-Programa e o compromiso do Concello de actuar como ente xestor das actuacións no Programa de rexeneración e renovacións urbanas.

PRP2017/3795

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan



Estatutal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria-Programa para a prórroga do Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas para a **ARI Núcleo de Caso Vello**.

Así mesmo acórdase aprobar a tramitación de dita Memoria-Programa e o compromiso do Concello de actuar como ente xestor das actuacións no Programa de rexeneración e renovacións urbanas.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3786

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 2º trimestre do ano 2017, coa seguinte desagregación:

- Mes de abril: 27.097,84€
- Mes de maio: 27.230,82€
- Mes de xuño: 27.206,91€

Regularizacións do/s período/s 01/01/2017-31/03/2017: -381,86€

Total nómina neta 2º trimestre: 81.153,71€

Total devengado: 81.153,71€

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2017/3787

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a **Asociación Apacos** do centro ocupacional O Saiar, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2017/3788

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a "**Fundación Galega Contra o Narcotráfico**", para a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

Emprego

PRP2017/3758

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Karen Triviño Bolaños**(Establecemento Chick & Kids). Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.



No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3759

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Estefanía Camino Longa**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.794,54€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3760

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Mercedes Rozados Tellado**(Establecemento Mercería).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3761

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **D. Juan García Farre** (Establecemento Café Bar Casa Juan).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/3762

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2017, presentada por **Miguel Sineiro Instalaciones Eléctrica, S.L.**

Visto o informe emitido pola ADL e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.750,00 €, por cumprir



os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/3802

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude de aprobación de orzamento para a realización da “Festa do Voluntariado 2016: Vilagarcía: Cidade do/a Voluntario/a 2016”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Manuel Sartal Torres**, para o servizo de vixilancia das carpas que se instalarán na Praza de Galicia, durante a noite do 25 á mañá do día 26 de agosto, por un importe total de 361,79 €, con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/3797

Dáse conta da sinatura do contrato entre Beatriz Alvariño Díaz del Río e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o patrocinio da Triple Corona Illas Atlánticas, unha proba de natación que partirá da Illa de Sálvora e terá a súa chegada en Vilagarcía de Arousa, que se celebrará o vindeiro 2 de setembro. Cunha aportación do Concello de 3.025,00€ con cargo á partida 432-22602.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó citado contrato.

PRP2017/3798

Dáse conta da sinatura do convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento das Festas de San Roque 2017, cunha aportación de 6.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

PRP2017/3818

Vista a proposta do Concelleiro de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por importe de 1.800,00€, con cargo á partida 432-22612, para a contratación da confraría Viños Rías Baixas Senerísima Orde Lagariño, para celebrar un acto o día 20 de agosto, un desfile cívico de Confrades Gastronómicos, dende o Concello ata o Salón García no que se celebrarán logo o Gran Acto de Nomeamento de Confrades e Irmanamento de Confrarías.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/3803

Dáse conta de informe do Director da Banda de Música dando conta das seguintes actuacións pendentes de realizar:

- Actuacións organizadas pola Concellería de Cultura para o mes de agosto con cargo á subvención-cultural para o ano 2017:
15/08/2017 Festividade de San Roquiño
16/08/2017 Subida San Roque
16/08/2017 Procesión San Roque
- Actuacións para sufragar os gastos de mantemento do local con cargo á subvención cultural para o ano 2017 10/08/2017 Pregón San Roque.
- Actuación 25, o día 15 de agosto de 2017, con cargo á Subvención Cultural para o ano 2017 solicitada pola Comisión de Festas de San Roquiño.
- Actuación 26, o día 3 de setembro de 2017, con cargo á Subvención Cultural para o ano 2017 solicitada pola comisión de Festas de Santa Placida de Rubiáns.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se leven a cabo as citadas actuacións por parte da Banda de Música de Vilagarcía.

PRP2017/3804

Vista a solicitude de **D. Miguel Alves Lago**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal os días 19 e 26 de agosto de 2017, de 10:00 a 14:00 horas, para a realización dunha assemblea, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3805

Vista a solicitude de D. Jorge Tobio Fontenla e/n **A.C. San Miguel Arcangel**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Miguel en Trabanca Badiña o día 29 de setembro de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



PRP2017/3806

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Gaité Pastor, en representación da **AAVV San Miguel de Trabanca Badiña**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun Serán en Trabanca Badiña o vindeiro día 2 de setembro de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Os Trasnos de Guillán, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3807

Vista a solicitude de Dona Yesica García Fresco, en representación da **Asociación Comisión Festas San Roque de Castrogudín**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Roque en Castrogudín o vindeiro día 27 de agosto de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3808

Vista a solicitude de Dona Paula Sal Coira, e/n **Estudio Danza Lendaria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 23 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración do Festival de Nadal, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a colaboración coa impresión de 15 carteis tamaño A3 e 2 carteis grandes, impresión de entradas numeradas e programas de man.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como copia do último recibo abonado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo a sala solicitada (neste caso 754 butacas).

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



PRP2017/3809

Vista a solicitude de D. José María Ramos Ventura, en representación de **Naoma Producciones, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 17 de setembro de 2017, durante todo o día, para a representación do espectáculo “La Bella y la Bestia”, cun prezo de entrada en anticipada de 12,00€ e de 15,00€ en taquilla e a recadación para a entidade solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado(754 butacas)

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación. E os gastos correspondente os ingresos obtidos na taquilla o mesmo día da actuación (gastos de xiro postal na oficina de correos).

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70
 - Responsable de sala: 12 hrs x 10,20€: 122,40€
 - Conserxe: 7 hrs x 10,20€: 71,40€
 - Persoal de taquilla: 4 hrs x dúas persoas 8 hrs x 10,20€: 81,60€
- TOTAL: 540,10€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3810

Dáse conta da resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, autorizando ó Concello á renovación de varandas no contorno de Vista Alegre. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3811

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto Rev1 “Melloras dos camiños rurais: rúa da Coviña e rúa do Casal”, redactado polo Enxeñeiro D. Oscar Alvarez González, cun orzamento de licitación de 47.551,30€. Así mesmo acórdase a súa remisión á Consellería de Medio Rural-Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.